



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Conservatorio Profesional de Música

Praza do Conservatorio, s/n 15011 A CORUÑA
Telf. 981 276 800 - Fax 981 276 767
cmus.profesional.coruna@edu.xunta.es
centros.edu.xunta.es/cmusprofesionalcorunha



Programación de Pedagogía

Departamento de Linguaxe musical
Conservatorio Profesional de música – A Coruña

Curso 2014 - 2015



1. CONTEXTUALIZACIÓN	¡Error! Marcador no definido.
2. OBXECTIVOS	3
3. CONTIDOS	¡Error! Marcador no definido.
4. METODOLOGÍA	5
5. RECURSOS DIDÁCTICOS	6
6. AVALIACIÓN	6
7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	9
8. BIBLIOGRAFÍA	11

Segundo o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música específico para a comunidade autónoma de Galicia a materia de Pedagogía forma parte dun dos itinerarios posibles para continuar os estudos de Grao Superior, tanto na opción de pedagogía do instrumento coma na de pedagogía da linguaxe e da educación musical.

Este itinerario posibilitalle ao alumnado o acceso ao coñecemento dos principios que rexen o ensino musical e a súa forma de transmisión. Preténdese posibilitarlle uns criterios de actuación concretos, partindo do coñecemento e da comprensión dos recursos das principais metodoloxías no eido da educación musical.

A materia impartirase no 6º curso de Grao Profesional cunha duración dunha hora semanal.

2.- OBXECTIVOS

- Coñecer as principais metodoloxías no eido da educación musical e os seus recursos pedagóxicos.
- Coñecer e comprender os principios da psicopedagogía xeral e a súa aplicación no ensino musical.
- Recoñecer os elementos de proceso didáctico en xeral e do modelo proposto pola LOE en particular.
- Diseñar, desenvolver e avaliar unidades didácticas dentro do marco das programacións de aula.
- Valorar as materias e os recursos didácticos propios do ensino da música en Galicia.



Primeiro trimestre

- Principios da educación musical. Conceptos de educación, pedagogía e didáctica.
- Historia da educación musical.
- As escolas pedagóxicas e os seus recursos aplicados no ensino da música: Kodály, Dalcroze, Willems, Orff, Wuytack, Ward, Tonic Sol-Fa, Martenot, Chevais...
- A didáctica da Educación musical.

Segundo trimestre

- Deseño e desenvolvemento curricular: do proxecto educativo ás programacións de aula.
- Compoñentes do deseño curricular: obxectivos, contidos, metodoloxía, actividades, interacción na aula, aspectos organizativos e avaliación.
- Programación e avaliación.
- Orientacións metodolóxicas para o desenvolvemento da actividade na aula atendendo á especialidade ou familia instrumental.

Terceiro trimestre

- As programacións de aula e as unidades didácticas.
- Contidos, recursos didácticos e materiais para o ensino da música: instrumentos, libros de texto, cadernos de actividades e medios audiovisuais.
- As novas tecnoloxías aplicadas á didáctica musical.
- O concerto como recurso didáctico.
- O currículo das ensinanzas musicais en Galicia: Obxectivos, contidos e orientacións metodolóxicas.
- O ensino da música noutros niveis educativos.

Contidos mínimos esixibles

- Principios da educación musical: conceptos de educación, pedagogía e didáctica.
- As escolas pedagóxicas e os seus recursos aplicados no ensino da música: Kodály, Dalcroze, Willems, Orff.
- Concepto de currículo.
- Compoñentes do deseño curricular: obxectivos, contidos, metodoloxía e avaliación.
- Compoñentes das unidades didácticas.

4.- METODOLOXÍA

Dende o principio a materia de pedagogía deberá atender a tres vertentes: o ensino instrumental, o ensino da linguaxe musical e o ensino musical en ámbitos diferentes ao conservatorio xa que esta materia debe preparar ao alumnado para afrontar os estudos superiores de pedagogía dos instrumentos, de didáctica da linguaxe e da educación musical.

Intentarase que os alumnos se impliquen activamente na materia e poidan levar á práctica o explicado en clase. As actividades que se desenvolvan farán fincapé no traballado nas clases e axudarán a apreñender e desenvolver as capacidades e contidos de distinta tipoloxía.

Potenciarase a elaboración de recursos e materiais didácticos polos propios alumnos e o desenvolvemento do seu espírito crítico, tan necesario á hora de seleccionar materiais e escoller métodos de ensino.

A dinámica do grupo será variada realizándose actividades individuais, en grupo e colectivas favorecendo na aula un ambiente de intercambio, colaboración e interacción como motor de aprendizaxe, variando espazos e materiais.

A aprendizaxe propiciará situacións que sexan motivadoras para o alumnado ou que favorezan a potenciación da motivación que sinte, de xeito natural, ante o fenómeno musical. É fundamental crear contextos de aprendizaxe que lles

obriguen a ter presentes os contidos xa coñecidos e garantir a construción das novas aprendizaxes a través dos coñecementos adquiridos previamente.

5. RECURSOS DIDÁCTICOS

- Recursos espaciais.

A aula. Exteriores da aula onde se desenvolven as actividades relacionadas coa materia (concertos didácticos, conferencias...) tales como teatros, salas de concertos, etc...

- Recursos materiais.

Medios audiovisuais: reprodutor de CD e DVD, ordenador e pizarra dixital. Material bibliográfico: libros, cadernos, partituras, láminas...

Material didáctico.

Instrumentos: piano, instrumental Orff...

- Recursos persoais.

Profesorado, alumnado, pais, nais ou titores. Músicos que leven a cabo concertos didácticos e conferencias.

- Recursos na rede.

Blogues de contidos musicais nos que atopar explicacións, exercicios, xogos educativos, vídeos e actividades diversas.

6.- AVALIACIÓN

Na avaliación preténdese coñecer e valorar se o alumnado acadou as capacidades sinaladas nos obxectivos. Salientamos a importancia de coñecer a evolución na adquisición de coñecementos e no desenvolvemento das capacidades.

A reflexión non só partirá de se acadaron os obxectivos propostos, senón tamén do que non se acadou e doutros que se acadaran.

Avaliarase, así mesmo, outros elementos do proceso didáctico como os materiais, os espazos, os recursos e a práctica docente.

Os recursos utilizados para a avaliación estarán baseados na observación e na reflexión. Observación diaria – con recollida precisa de datos que impidan o esquecemento e a confusión- do traballo de cada alumno e alumna, a súa evolución, a súa actitude ante a materia, os seus avances respecto a posición anterior e os erros ou estancamentos que puideran aparecer.

É importante afrontar os problemas inmediatamente despois de se orixinar, compartindo co alumnado as nosas observacións, facéndoo partícipe e responsable da súa formación.

Neste proceso de reflexión non avaliamos sómente o comportamento do alumnado senón tamén os procedementos que nos utilizamos, a idoneidade da programación e a precisión das nosas valoracións iniciais sobre cada alumno ou alumna.

Criterios de avaliación

- Demostrar o coñecemento dos principios pedagóxicos do ensino musical. Este criterio pretende avaliar a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para elaborar unha pedagogía musical adecuada.

- Demostrar o coñecemento dos métodos e dos sistemas actuais da pedagogía musical, así como as súas aplicacións máis frecuentes.

Mediante este criterio valorarase a comprensión do alumnado en relación cos sistemas musicais e a súa utilización no ensino da música.

- Expor temas de música, facendo uso de recursos didácticos e materiais de novas tecnoloxías que axuden a desenvolver os contidos de cada tema. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento e o desenvolvemento dos recursos e dos materiais educativos tradicionais e actuais, así como as posibilidades que poden ofrecer na pedagogía musical.

- Presentar e defender unha programación didáctica para un determinado nivel. Preténdese comprobar se os elementos que forman unha programación didáctica están basicamente comprendidos.

- Impartir unha clase con referencia a un tema musical delimitado para un determinado nivel no ensino musical.

Con este criterio comprobarase o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto ao coñecemento do deseño curricular da LOE, a asimilación dos seus obxectivos e a capacidade de entendemento dos conceptos pedagóxicos explicados, así como as súas posibilidades para estruturar unha unidade didáctica.

Procedementos de avaliación

As probas trimestrais consistirán en traballos prácticos.

Os traballos prácticos serán os seguintes:

- Lectura e reflexión dos documentos de traballo.
- Desenvolvemento dunha práctica didáctica a partir da elección dos recursos e estratexias propias dunha metodoloxía concreta.
- Reflexións conxuntas coas aportacións nas sesións presenciais.
- Elaboración dos aspectos básicos da programación dun curso do instrumento principal do alumno: obxectivos, contidos, metodoloxía, avaliación...
- Elaboración e exposición dunha unidade didáctica de linguaxe musical e posta en práctica.
- Creación de materiais didácticos.

Criterios de cualificación

A nota final será una cualificación numérica do 1 a 10, sen decimais, e calcularase a partir da nota media dos distintos traballos ou exames realizados ao longo do curso.

Para superar a materia, os alumnos terán que obter unha nota final igual ou superior a 5.

Os alumnos que non superaran a materia na convocatoria de xuño poderán presentarse ao exame de setembro.

Perda do dereito á avaliación continua

O alumnado que non asista a clase realizará unha proba específica que consistirá nun exame e na entrega (o mesmo día do exame teórico) de tres traballos elaborados polo alumno.

Os traballos a entregar serán os seguintes:

- Unha práctica didáctica a partir da elección dos recursos e estratexias propias dunha metodoloxía concreta.
- Unha unidade didáctica dun curso de linguaxe musical.
- Unha programación didáctica dun curso do instrumento do alumno.

A entrega destes traballos será obrigatoria para calcular a nota media, dos traballos e o exame, e poder superar a materia.

Exame de setembro

O exame de setembro terá as mesmas características que o exame de perda da avaliación continua.

Os alumnos suspensos en xuño que aprobasen os traballos da programación e da unidade didáctica, e que así téñano reflectido no informe de avaliación negativa de xuño (indicando a cualificación numérica destes traballos), quedarán exentos de entregar estes traballos en setembro. Non é posible quedar exento de realizar a parte do exame teórico-práctico, aínda que se tivesen aprobados os exames trimestrais.

7.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Alumnado estranxeiro

Os dous problemas máis destacados do tratamento do alumnado estranxeiro veñen dados pola comprensión do idioma e polas tradicións propias da súa cultura. En ocasións, o rexeitamento deste tipo de alumnado a certas actividades ven dado polos costumes da súa cultura (ou pola diferenza cos plans de estudos, nalgúns zonas extremadamente ligados á práctica instrumental, case exclusivamente). Baseándonos no principio de integración coidaremos as

actividades propostas intentando aproveitar os coñecementos deste alumnado, introducindo ás súas experiencias e relacionándoas con determinados aspectos do currículo.

No que se refire á comprensión do idioma, e dado o carácter procedemental das nosas ensinanzas, non supón un gran obstáculo. En todos os casos coidarase que o alumnado inmigrante participe cos seus compañeiros e compañeiras nas actividades propostas, de xeito que a súa integración se vexa favorecida.

Superdotación intelectual

Defínese como individuo superdotado a aquel que posúe aptitudes excepcionais e, polo tanto, é capaz dun rendemento superior á media.

É preciso distinguir entre a superdotación intelectual e o talento. Unha persoa ten talento cando demostra aptitudes excepcionais para una faceta artística ou cognoscitiva. Polo tanto, xunto ás necesidades educativas dos superdotados compre engadir as de aqueles individuos do grupo que teñan talento musical, no sentido de aceleración descrito no Real Decreto 943/2003, elaborando actividades de ampliación (é dicir, de maior dificultade que as previstas para o curso), de xeito que poidan render segundo as súas propias capacidades.

Alumnado con necesidades educativas especiais

A atención á diversidade chega ao seu máximo expoñente ao tratar ao alumnado con necesidades educativas especiais. Este tipo de alumnado pode precisar unha adaptación aos recursos materiais (tales como o xeito de dispor o aula), ou unha adecuación dos elementos do currículo (adaptación da secuencia de contidos e dos criterios de avaliación).

8.- BIBLIOGRAFÍA

- BERNSTEIN, L. (2002): El maestro invita a un concierto. Siruela, Madrid.
- DÍAZ, M. y GIRÁLDEZ, A. (coords.) (2007): Aportaciones teóricas y metodológicas a la educación musical. Graó, Barcelona.
- GIRÁLDEZ, A. (2005): Internet y educación musical. Graó, Barcelona.
- HEMSY DE GAINZA, V. (1964): La iniciación musical del niño. Ricordi, Buenos Aires.
- HEMSY DE GAINZA, V. (1990): Nuevas perspectivas de la educación musical. Guadalupe, Buenos Aires.
- HEMSY DE GAINZA, V. (2003): La educación musical entre dos siglos: del modelo metodológico a los nuevos paradigmas. Victoria-Buenos Aires: Universidad de San Andrés.
- KODÁLY, Z. (1962): Bicinia Hungarica Boosey-Hawks, Londres.
- KODÁLY, Z. (1964): Tricinia Hungarica Boosey-Hawks, Londres.
- KODÁLY, Z. (1967): Cantemos correctamente (6 volúmenes) BooseyHawks, Londres.
- LÓPEZ DE ARENOSA, E. (2004): Apuntes sobre didáctica musical, Enclave Creativa, Madrid.
- MARTENOT, M. (1993): Principios fundamentales de educación musical y su aplicación. Rialp, Madrid. (edición en castellano del título original en francés de 1967).
- ORFF, C. (1961): Orff Schulwerk. Música para niños. Barry, Buenos Aires.
- PASCUAL MEJÍA, P. (2002): Didáctica de la Música. Prentice Hall. Colección didáctica primaria. Madrid. Buenos Aires.
- SCHAFER, R. M. (1985): Limpieza de oídos. Ricordi Americana, Buenos Aires.

- SCHAFER, R. M. (1985): El nuevo paisaje sonoro. Ricordi Americana, Buenos Aires.
- SCHAFER, R. M. (1985): El rinoceronte en el aula. Ricordi Americana, Buenos Aires.
- SCHAFER, R. M. (2005): Hacia una educación sonora. Radio educación, México
- SZÖNYI, E. (1976): La Educación musical en Hungría a través del método Kodály. Editorial Corvina, Hungría.
- VANDERSPAR, E. (1990): Manual Jaques Dalcroze. Principios y recomendaciones para la enseñanza de la rítmica. Ed. Llongueres, Barcelona.
- VV.AA. (1981): La educación musical en Hungría. Real Musical, Madrid.
- VV.AA. (2008): Modelos de programacions didácticas para as ensinanzas profesionais de música, Dos Acordes, Pontevedra, 2008.
- WARD, J.: Método Ward. Desclée, París, 1964.
- WILLEMS, E. (1961): Las bases psicológicas de la educación musical. Eudeba. Buenos Aires.
- WILLEMS, E. (1981): El valor humano de la educación musical. Paidós, Barcelona.
- WILLEMS, E. (2001): El oído musical. Paidós, Barcelona.
- WUYTACK, J. y BOAL PALHEIROS, G. (1996): La audición musical activa. Associação Wuytack de Pedagogía Musical, Porto.
- Lexislación de ensinanzas elementais e profesionais de música e de danza en Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Santiago de Compostela, 2008.

REVISTAS

- Revista Eufonía. Ed. Graó, Barcelona
- Revista Música y Educación. Ed. Musicalis, Madrid.